ALUMNADO
GUÍA RESUMO do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 da EOI de Santiago de Compostela (Sección Negreira) para o ano lectivo 2021-2022

MEDIDAS INDIVIDUAIS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

- Todo o alumnado debe levar máscaras que cubran desde o nariz até ao queixo en todo momento.
- Respectarase en todo momento a distancia de seguridade, de polo menos 1,2m nas aulas e de 1,5 m en todos os demais espazos do centro, incluídos a entrada e corredores, en todas as interaccións entre as persoas no centro educativo.
- Durante as sesións lectivas, cada alumno/a debe usar o seu propio material e non se permitirá partillalo con outros participantes.
- O alumnado debe reforzar as medidas de hixiene persoal, especialmente no referido ás mans:
  - despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estaren contaminados
  - cada vez que se use material compartido
  - á entrada e saída do centro
  - antes e despois do uso dos aseos
- Ao tusir ou esbirrar débese tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tampa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre afastándose do resto das persoas.
- Débese evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Non poderá haber manifestacións de cortesía ou afecto que impliquen contacto físico.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

- O persoal docente e non docente e o alumnado do centro deberá realizar unha autoenquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que os houber, que estes son compatíbeis cunha infección por SARSCoV-2 mediante a realización da enquisa de autoavaliación que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro. En calquera caso, o primeiro día de clase todo o alumnado deberá entregar ao profesorado unha declaración responsábel segundo o Anexo II, requisito indispensábel para poder incorporarse ao curso.
- En caso de ter síntomas compatibles non asistirán ao centro e comunicarán esta circunstancia por teléfono ao número: 881 867 126 ou ao correo electrónico: eoi.santiago.negreira@edu.xunta.gal

ENTRADAS E SAÍDAS DO EDIFICIO

- O obxectivo das seguintes medidas é que non se axunten grupos de persoas, tanto á entrada como á saída do centro, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal.
- Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada de acompañantes.
- O alumnado entrará e sairá pola porta principal, na que haberá canles diferenciadas para o acceso e saída do centro. Para acceder ás aulas o alumnado subirá pola escaleira no sentido de circulación indicado polas marcas no piso e para abandonar as aulas e o edificio o alumnado baixará pola mesma escaleira respectando de novo o sentido de circulación marcado no chan.
- Nas entradas e saídas disporase de dispensadores de xel hidroalcohólico.

CIRCULACIÓN POLO CENTRO

- Nos corredores estabeleceranse sentidos de circulación diferentes en ambas marxes do corredor, dividíndoos con fita plástica. Nos espazos comúns indícase o sentido da circulación, de forma individual e respectando a distancia de seguridade. Estas circunstancias están convenientemente sinalizadas mediante carteis ou dispositivos visuais, tanto no piso como nas paredes.
- Os períodos de cambio de clase terán duración de 15 min en total, coas entradas fixadas, para cada período lectivo, á hora do comezo da clase, e as saídas 15 minutos antes da fin da clase, para evitar aglomeracións e asegurar a ventilación da estancia (por exemplo: entrada ás 9 e saída ás 10:45, entrada ás 11 e saída ás 12:45 h). É especialmente importante que se respecte ao máximo a puntualidade, quer á hora de entrar quer á de saír.

NAS AULAS

- Os postos escolares manterán unha distancia mínima de 1,2 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira.
- Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección, estarán delimitados por marcas no piso e non se poderán mover
- Agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia, evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o alumnado do grupo entrante poderá hixienizar as súas-mesas e cadeiras.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
- Cando se use material susceptíbel de ser compartido é necesaria a hixiene de mans antes e despois de usar o material.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

- A saída da aula será ordenada e continua, de 1 en 1, respectando a distancia de seguridade, seguindo as indicacións do profesorado e persoal de conserxaría, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.
- Realizaranse tarefas de ventilación por espazo de polo menos 15 minutos antes do inicio da clase e, cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posíbel.

TITORÍAS

- As titorías faranse de forma telefónica, telemática ou por vídeo chamada, concertando cita a través do correo electrónico do profesorado.
- Os enderezos de correo electrónico do profesorado e as súas horas de titoría estarán dispoñíbeis na web do centro.
- De non ser posíbel realizar a titoría de xeito telefónico ou telemático, concertarase unha cita presencial nun espazo ventilado que garanta a separación mínima de 1,5 metros entre as persoas asistentes, previa cita e conformidade da xefatura de estudos.

ILLAMENTO

- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatíbeis con COVID-19 no centro educativo, as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: ”Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”, e das Instrucións publicadas o dia 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas:
- No caso do alumnado menor de idade, levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica e contactarase coa familia. A `persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- O/A traballador/a ou alumnado adulto que inicie síntomas abandonará o centro protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu/súa médico/a de atención primaria.

Enquisa de autoavaliación

Todo o alumnado e persoal do centro **realizará unha autoavaliación diaria** para comprobar que non existe síntomas de infección pola covid-19.

PERSOAL DOS CENTROS

O resultado da enquisa **NON** ten que comunicarse cada día aos centros educativos, senón que o afectado debera seguir o protocolo oportuno en caso de detectar síntomas.

Protocolo a seguir polo persoal en caso de detectar un ou máis síntomas:

1. **Non acudir** ao centro educativo
2. **Comunicar os síntomas** ao servizo sanitario de
3. Comunicar a situación ao **equipo covid** do seu centro educativo.
4. De forma preventiva, debe manterse en **illamento domiciliario**, ata que os facultativos correspondentes dean as indicacións oportunas

ALUMNADO

O resultado da enquisa **NON** ten que comunicarse cada día aos centros educativos, senón que o afectado debera seguir o protocolo oportuno en caso de detectar síntomas.

Protocolo a seguir polo alumno (ou pais/nais ou titores/as legais) en caso de detectar un ou máis síntomas:

1. **Non acudir** ao centro educativo
2. **Comunicar os síntomas** ao servizo sanitario de
3. **Comunicar ao centro a ausencia do alumno** (non é necesario certificado médico, so xustificante dos pais. Non computará como falta)
4. De forma preventiva, debe manterse ao alumno en **illamento domiciliario**, ata que os facultativos dean as indicacións oportunas.

ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa medico/a ou pediatra.

Presentou nos últimos días?		***SI***	***NON***
Síntomas respiratorios	**Febre maior de 37,5ºC**		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	**Fatiga severa (cansazo)**		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	***NON***
***CONVIVIU* nos últimos 10 días?**	**cunha persoa Covid-19 + confirmado?**		

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSÁBEL ALUMNADO ADULTO

D.Dª._____,
con documento de identidade nº_____, matriculado /a
no grupo_____ , idioma_____ da Escola Oficial de
Idiomas de Santiago de Compostela

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 e a obriga de NON acudir ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada comunicará estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

_____, ___ de _____ de 2021.

ASDO. _____

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSÁBEL MENORES DE IDADE

D./Dª _____,
con documento de identidade número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____
matriculado /a no grupo _____ , idioma_____ da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON envialo/a ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

_____, ___ de _____ de 2021.

ASDO. _____